

Campionato Galego Absoluto 2020

- Horarios e roldas :

- Sábado 18/7/2020
 - 1ª Ronda ás 11:00 horas.
 - 2ª Ronda ás 15:30 horas.
 - 3ª Ronda ás 18:00 horas
- Domingo 18/7/2020
 - 4ª Ronda ás 10:00 horas.
 - 5ª Ronda ás 12:30 horas.
 - 6ª Ronda ás 16:30 horas.
 - 7ª Ronda ás 19:00 horas

Entrega de Premios o 18/7/2020 ás 21:30 horas

- Sistema e ritmo de xogo: suízo a 7 rondas, 30 m + 30 s/xogada.
- O árbitro do presente torneo será Evaristo Rodríguez López, e o árbitro adxunto Juana María Martínez Fernández

BASES TÉCNICAS

- Empregarase o programa VEGA para os emparellamentos.
- A sala de xogo é o Salón Principal, e considerarase coma recinto de xogo a propio sala e os servicios do propio salón.
- Os **sistemas de desempate** serán
 1. Resultado do encontro directo. Este sistema aplicarase só se todos os xogadores empatados a puntos xogaron entre si.
 2. Variante Brasileira do Bucholz (quitando a peor puntuación)
 3. Bucholz total
 4. Sonneborn-Berger
 5. APRO (media do performance dos rivais)A efectos de desempate no Buccholz e Sonneborn-Berger, as partidas non disputadas serán consideradas como se xogara contra un opoñente virtual.
- Lémbrese a tódolos xogadores que non poden traer teléfono móbil á sala de xogo. Asemade está prohibido traer calquera outro medio electrónico de comunicación.
- Os xogadores deberán comportarse de forma que non deshonren o xogo do xadrez; en caso contrario daráselles a partida por perdida.

- O non cumprimento do protocolo COVID DXT Galego para xadrez por parte dalgún xogador pode ocasionar a perda da partida ou a expulsión do torneo.
- Perderá a partida o xogador que se presente na Sala de Xogo con máis de 30 minutos de retraso con respecto á hora de inicio da ronda. En ambos casos, quedará a criterio do Árbitro flexibilizar o tempo de tolerancia.
- A incomparecencia non xustificada dun xogador causará a súa automática eliminación do torneo.
- Non se permitirán análises de partidas na sala de xogo.
- Recoméndase aos participantes a notificación a algún árbitro cando, por razón xustificada, abandonen a sala de xogo no transcurso das súas partidas. Queda prohibido ós xogadores o acceso á sala de análise mentres as súas partidas estean en xogo.
- Unha vez rematada a partida, os xogadores chamarán ó árbitro á súa mesa e lle comunicarán o resultado segundo o protocolo COVID DXT Galego para xadrez.
- Unha vez colocada a ronda en info64 haberá 15 minutos para reclamacións. Pasado ese tempo, non se admitirá a trámite ningunha posible reclamación.
- Non se permiten acordos de táboas antes de 20 xogadas. A reprodución dunha partida xa xogada previamente sancionarase co resultado de 0-0.
- Comité de apelación: o prazo para presentar reclamacións é de 15 minutos; estará formado por:
 - Presidente: Gaspar Pérez Carnero
 - Titulares: árbitros do torneo
 - Suplentes: Luis Marcos Medarde Santiago e outro membro elixido por votación antes da primeira ronda entre os xogadores maiores de 16 anos
- A organización resérvase o dereito a modificar as Bases do torneo sen outra obriga ca de publicalas na páxina web oficial do torneo ou no taboleiro de anuncios do torneo.
- **Director dos Campionatos: Gaspar Pérez Carnero, presidente da FEGAXA e coordinador do protocolo federativo coa Secretaría Xeral para o Deporte.**

Segundo o apartado 6º do protocolo COVID DXT Galego para xadrez o director dos campionatos galegos é o coordinador para a implementación e seguimento do protocolo federativo, que será o interlocutor coa Secretaría Xeral para o Deporte, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento. Será responsable de supervisar ou controlar o test ou control de saúde dos deportistas, técnicos e árbitros nas acreditacións do primeiro día de competición. Encargarase do cumprimento do protocolo e da comunicación e seguimento das sintomatoloxías COVID que puidesen existir.

O árbitro principal

A árbitra adxunta

Evaristo Rodríguez López

Juana María Martínez Fernández